



RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA DO PARLAMENTO DE GALICIA SOBRE O HORARIO DO PERSOAL ASINADO A ACTIVIDADE PARLAMENTARIA E DE APERTURA AO PÚBLICO DO REXISTRO XERAL, DURANTE OS PERÍODOS COMPRENDIDOS ENTRE O 15 E O 31 DE XANEIRO E ENTRE O 1 E 15 DE XULLO.

A Mesa de Negociación da Administración do Parlamento de Galicia, en sesión celebrada o 5 de marzo de 2014, acordou por unanimidade dos seus integrantes a modificación das normas reguladoras da xornada laboral e do horario do persoal e de funcionamento da Administración Parlamentaria vixentes nese momento, sendo aprobado o dito acordo de negociación pola Mesa do Parlamento, en sesión do 10 de marzo de 2014.

Con data do 1 de abril de 2014, a Mesa do Parlamento acordou aprobar as “Normas reguladoras da xornada laboral semanal e do horario do persoal e de funcionamento da Administración do Parlamento de Galicia” que foron publicadas no BOPG nº 267 do 4 de abril de 2014 e que son as que rexen na actualidade.

Estas normas, perseguen unha maior eficacia e eficiencia da prestación dos servizos do persoal e unha maior flexibilización do seu horario, supoñendo un paso mais nas distintas medidas sucesivamente adoptadas pola Administración parlamentaria dentro das políticas de conciliación da vida persoal, familiar e laboral.

As ditas normas, fixan unha franxa horaria de obrigado cumprimento polas mañás, e franxas flexibles en horario de maña e de tarde para completar a xornada laboral dentro do horario particular de cada traballador, que se debe establecer tendo en conta as características de cada posto de traballo, adaptándose en todo momento ás necesidades do servizo e por tanto á actividade da Cámara.

Deste xeito, e de acordo co establecido no artigo 67 do Regulamento do Parlamento de Galicia, se fixa unha xornada laboral semanal ordinaria de 37.5 horas, coincidente cos períodos de sesións e de 30 horas semanais fora dos períodos de sesións parlamentarias.

O artigo 67 do Regulamento do Parlamento na redacción vixente no momento de aprobación das normas da xornada laboral establecía os períodos de sesións de de febreiro a xuño e de setembro a decembro.

Por Acordo do Pleno do Parlamento de Galicia, do 3 de agosto de 2015 (BOPG nº502 do 6 de agosto), modificouse o Regulamento da Cámara, modificación que afectou, entre outros aspectos, aos períodos ordinarios de sesións regulados no artigo 67, que pasan a ser de setembro a decembro e do 15 de xaneiro ao 15 de xullo.

De acordo co anterior, a fin de que durante os días nos que se amplía o período de sesións a actividade parlamentaria se desenvolva con normalidade, e de conformidade co disposto na Disposición Derradeira primeira das Normas reguladoras da xornada laboral,

RESOLVO:

- 1) Nos períodos comprendidos entre o 15 e o 31 de xaneiro e entre o 1 e 15 de xullo, o persoal do Parlamento realizará a xornada continua establecida no artigo 4 das Normas reguladoras da xornada laboral, se ben nos días en que a Cámara desenvolva sesións plenarias, reunións de comisións ou calquera outra actividade parlamentaria, o persoal asignado para garantir o seu funcionamento, prestará a súa actividade desde o inicio ao final das correspondentes sesións ou actividades.

Para tal efecto, adaptaranse en cada momento, de resultar necesario, os horarios particulares do persoal.

- 2) O horario de apertura ao público do Rexistro Xeral da Cámara nos períodos comprendidos entre o 15 e o 31 de xaneiro e entre o 1 e 15 de xullo será de 9.30 a 14.00 horas e de 16.30 a 18.30 horas de luns a venres e de 10.00 a 13.00 horas os sábados.
- 3) O persoal que preste os seus servizos fora da xornada continua establecida no artigo 4 das Normas reguladoras da xornada laboral durante os citados períodos, terá as compensacións que lle correspondan, de acordo co disposto no artigo 5 das citadas Normas.

Santiago de Compostela, 13 de xaneiro de 2016



Miguel D. Miguel Santalices Vieira
Vicepresidente 1º